



MODIFICACIÓN DA INSTRUCIÓN 3/2010 DA SECRETARÍA XERAL DA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, DE 9 DE
XUÑO, SOBRE FUNCIONAMENTO DOS COMEDORES ESCOLARES DE
XESTIÓN DIRECTA NO CURSO ESCOLAR 2010-2011

O 18 de xaneiro do ano en curso dítase polo Maxistrado-Xuíz do Xulgado
Contencioso-administrativo nº 2 de Santiago de Compostela sentenza,
declarando a anulabilidade e anulando o inciso "con persoal do centro", contido
no parágrafo 4º do apartado 4 da Instrución 3/2010 referida.

A estes efectos, o parágrafo en cuestión queda como segue:

"-O restante persoal, docente ou laboral, que preste servizos no centro escolar
e non desempeñe labores en relación co comedor, poderá usalo mediante
aboamento do prezo público, sempre que existan prazas vacantes e se dispoña
de persoal colaborador suficiente para a atención ao alumnado."

Neste sentido e para o que resta do curso 2010-2011, o persoal interesado en
acceder ao comedor escolar haberá de cursar unha petición formal dirixida ao
Consello Escolar do correspondente centro de ensino, na que solicite o servizo,
motivando a súa necesidade de utilizalo, así como os días previstos de uso, e
comprometéndose, así mesmo, ao pagamento do prezo público do servizo.



Cada Consello Escolar valorará a existencia de prazas vacantes no comedor escolar, tendo en consideración, con base nas ratios establecidas pola normativa actual de comedores escolares, que se dispoña do persoal colaborador suficiente e que as incorporacións solicitadas non supoñan incremento de persoal laboral de cocina, de conformidade co sinalado na Disposición Transitoria Única do Decreto 10/2007, do 25 de xaneiro, polo que se regula o funcionamento dos comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Así mesmo, o Consello Escolar verificará que no acceso ao comedor polo petionario se cumpre a orde de prelación disposta no artigo 7º.5 da Orde do 21 de febreiro de 2007, que regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que é o seguinte:

- Alumnado usuario do servizo de comedor no curso escolar anterior, salvo que variara substancialmente o criterio polo que fora admitido.
- Alumnado beneficiario do servizo de transporte escolar.
- Alumnado en situación socioeconómica desfavorable ou que teña unha discapacidade igual ou superior ao 33%, acreditado con informe do traballador ou traballadora social do concello que corresponda.
- Alumnado membro de familias numerosas.
- Alumnado, fillos de pais e nais traballadores con incompatibilidade demostrada dos seus horarios laborais co horario de saída do seu fillo/a ao mediodía.
- Outro alumnado do centro.



-Personal docente e non docente que preste servizos no centro.

As incorporacións ao comedor decididas polo Consello Escolar, tras as referidas valoracións e comprobacións, serán comunicadas á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de educación e Ordenación Universitaria, a fin de que poida arbitrar as medidas económicas e orzamentarias requiridas para o efecto.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2011

O SECRETARIO XERAL TÉCNICO

Jesús Oitavén Barcala